

# Guía rápida de Validación dos módulos de FOL, RET, EIE, IPE I e IPE II

## ACLARACIONES PREVIAS

- A presente guía refírese ás validacións de módulos de FOL, RET, EIE, IPE I ou IPE II que poden ser resoltas directamente polo centro educativo, é dicir, as derivadas de estudos cursados previamente noutros ciclos formativos LOXSE, LOE ou da nova Lei de FP.
- Para validar ditos módulos con estudos universitarios, ensinanzas anteriores á LOXSE ou de réxime especial, a resolución depende do Ministerio de Educación, resultando nun proceso moito máis longo e con algunhas diferencias.
- Tamén explicar que, para validar os módulos por mor da experiencia profesional ou certificados de profesionalidade, debe seguirse o proceso de acreditación de competencias.
- Este documento pretende facilitar a comprensión do proceso de validación, co obxectivo de axilizar dito proceso ao alumnado. Así e todo, existen multitude de situacións nunha normativa complexa, polo que compre lembrar que é preciso seguir as indicacións dos/das traballadores/as intervenientes no proceso, tendo o Director do centro educativo a última palabra á hora de resolver as solicitudes.

## VALIDAR UN MÓDULO DE FOL DUN CICLO LOXSE

<u>FORMACIÓN APORTADA</u>	<u>FORMACIÓN A VALIDAR</u>
MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE GRAO SUPERIOR)	MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE GRAO SUPERIOR E GRAO MEDIO)
MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE GRAO MEDIO)	MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE GRAO MEDIO)
MÓDULO DE FOL (CICLO LOE GRAO SUPERIOR OU GRAO MEDIO)	MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE GRAO MEDIO)

Poderase obter a validación do módulo de FOL dun ciclo LOXSE achegando a certificación de ter superado o módulo de FOL noutro ciclo formativo LOXSE diferente, cursado previamente. O módulo de FOL cursado nun Ciclo Superior LOXSE serve para validar FOL doutro ciclo LOXSE, sexa tanto Superior ou Medio. O módulo de FOL cursado nun Ciclo Medio LOXSE, serve para validar FOL doutro Ciclo Medio LOXSE.

O módulo de FOL cursado nun Ciclo LOE, sexa Medio ou Superior, serve para validar o Módulo de FOL dun Ciclo Medio LOXSE.

## VALIDAR UN MÓDULO DE RET DUN CICLO LOXSE

<u>FORMACIÓN APORTADA</u>	<u>FORMACIÓN A VALIDAR</u>
MÓDULO DE RET (CICLO LOXSE GRAO SUPERIOR)	MÓDULO DE RET (CICLO LOXSE GRAO SUPERIOR E GRAO MEDIO)
MÓDULO DE RET (CICLO LOXSE GRAO MEDIO)	MÓDULO DE RET (CICLO LOXSE GRAO MEDIO)

Poderase obter a validación do módulo de RET dun ciclo LOXSE achegando a certificación de ter superado o módulo de RET noutro ciclo formativo LOXSE diferente, cursado previamente. O módulo de RET cursado nun Ciclo Superior LOXSE serve para validar RET doutro ciclo LOXSE, sexa tanto Superior ou Medio. O módulo de RET cursado nun Ciclo Medio LOXSE, serve para validar RET doutro Ciclo Medio LOXSE.

## VALIDAR UN MÓDULO DE FOL DUN CICLO LOE

<u>FORMACIÓN APORTADA</u>	<u>FORMACIÓN A VALIDAR</u>
MÓDULO DE FOL (CICLO LOE)	MÓDULO DE FOL (CICLO LOE)
MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE) + CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS (30 a 50 H)*	
CICLO SUPERIOR COMPLETO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (LOXSE)	

Poderase obter a validación do módulo de FOL dun ciclo LOE achegando:

- 1.- A certificación de ter superado o módulo de FOL noutro ciclo formativo LOE diferente, cursado previamente.
- 2.- A certificación de ter superado o módulo de FOL nun ciclo LOXSE, máis a certificación de ter superado unha formación en Prevención de Riscos Laborais de nivel básico. Dita formación ten que constar superada nunha data previa á formalización da matrícula.

\*Dita formación debe ser expedida de acordo co disposto no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, con indicación expresa dos contidos superados. Unha formación en PRL de 50 horas acredita en todo caso o nivel básico.

- 3.- A certificación de ter superado o Ciclo formativo Superior completo de Prevención de Riscos Laborais (LOXSE).

**VALIDAR UN MÓDULO DE EIE DUN CICLO LOE**

<b><u>FORMACIÓN APORTADA</u></b>		<b><u>FORMACIÓN A VALIDAR</u></b>
MÓDULO DE EIE (CICLO LOE)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E CONTROL EN AXENCIAS DE VIAXES (CICLO LOXSE)	<b>MÓDULO DE EIE (CICLO LOE)</b>
CALQUERA CICLO FORMATIVO COMPLETO (LOE) DAS FAMILIAS PROFESIONAIS DE COMERCIO E MARKETING OU ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN DE ESTABLECIMIENTOS DE RESTAURACIÓN (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN NA PEQUENA EMPRESA (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUNHA UNIDADE/ GABINETE DE ORTOPROTÉSICA (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUN PEQUENO ESTABLECIMIENTO COMERCIAL (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN, ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUNHA UNIDADE/GABINETE DE PRÓTESES DENTAIS (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA FAMILIAR (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUN GABINETE AUDIOPROTÉSICO (CICLO LOXSE)	
CICLO COMPLETO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA (LOXSE)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EMPRESA AGRARIA (CICLO LOXSE)	
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA PEQUENA EMPRESA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E SOCIOEDUCATIVAS (CICLO LOXSE)	CICLO COMPLETO DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS (LOXSE)	

## VALIDAR UN MÓDULO DE IPE I DA NOVA LEI DA FP

<u>FORMACIÓN APORTADA</u>	<u>FORMACIÓN A VALIDAR</u>
MÓDULO DE FOL (CICLO LOE)	MÓDULO DE IPE I (NOVA LEI DA FP)
MÓDULO DE FOL (CICLO LOXSE) + CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS (30 a 50 H)*	
CICLO SUPERIOR COMPLETO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (LOXSE)	
MÓDULO DE IPE I (NOVA LEI DA FP)	

\*Dita formación debe ser expedida de acordo co disposto no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, con indicación expresa dos contidos superados. Unha formación en PRL de 50 horas acredita en todo caso o nivel básico.

Segundo o previsto na Disposición adicional sexta, apartado 1 do RD 1085/2020:

*“Para os efectos previstos neste real decreto, cando unha relación de validación dea como resultado que a formación para validar sexa o módulo profesional de Formación e Orientación Laboral (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio), dita validación deberá entenderse igualmente feita ao módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I”.*

**VALIDAR UN MÓDULO DE IPE II DA NOVA LEI DA FP**

<u>FORMACIÓN APORTADA</u>		<u>FORMACIÓN A VALIDAR</u>
MÓDULO DE EIE (CICLO LOE) ou MÓDULO DE IPE II (NOVA LEI DA FP)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E CONTROL EN AXENCIAS DE VIAXES (CICLO LOXSE)	<p><b>MÓDULO DE IPE II (NOVA LEI DA FP)</b></p> <p><i>*Segundo o previsto na <u>Disposición adicional sexta, apartado 2 do RD 1085/2020</u>:</i></p> <p><i>"2. Para os efectos previstos neste real decreto, cando unha relación de validación dea como resultado que a formación para validar sexa o módulo profesional de Empresa e Iniciativa Emprendedora (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio), dita validación deberá entenderse igualmente feita ao módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade II".</i></p>
CALQUERA CICLO FORMATIVO COMPLETO (LOE) DAS FAMILIAS PROFESIONAIS DE COMERCIO E MARKETING OU ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN DE ESTABLECIMIENTOS DE RESTAURACIÓN (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN NA PEQUENA EMPRESA (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUNHA UNIDADE/ GABINETE DE ORTOPROTÉSICA (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUN PEQUENO ESTABLECIMIENTO COMERCIAL (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN, ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUNHA UNIDADE/GABINETE DE PRÓTESES DENTAIS (CICLO LOXSE)	
MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA FAMILIAR (CICLO LOXSE)	MÓDULO DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DUN GABINETE AUDIOPROTÉSICO (CICLO LOXSE)	
CICLO COMPLETO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA (LOXSE)	MÓDULO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EMPRESA AGRARIA (CICLO LOXSE)	
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA PEQUENA EMPRESA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E SOCIOEDUCATIVAS (CICLO LOXSE)	CICLO COMPLETO DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS (LOXSE)	



## NORMATIVA DE REFERENCIA.

- Real Decreto 1085/2020, de 9 de decembro, polo que se establecen convalidacións de módulos profesionais dos títulos de Formación Profesional do sistema educativo español.
- Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.

## CONSIDERACIÓN FINAL:

Para unha información extensiva e detallada dos procesos de Validación, recoméndase botar unha ollada ó documento oficial “Validacións de módulos profesionais e dos ámbitos non profesionais de Formación Profesional” elaborado pola Xunta de Galicia.